



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2024/E001/000006  
2024/G003/000928

## ANTECEDENTES DE FEITO

- Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (código do procedemento TR351F), publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), núm. 17, do 24/01/2024.
- Solicitud de subvención para a contratación de dúas **(2) persoas** coa categoría de **peón/peoa de limpeza**, co 100 por 100 de xornada, por un período de nove meses, efectuada polo Concello das Pontes de García Rodríguez.
- Resolución da Dirección Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, que leva data do 07/05/2024, pola que se lle concede a esta entidade local unha subvención por importe de **23.786,64 euros**, equivalente aos custos salariais totais de **dúas (2) persoas** traballadoras coa categoría de **peón/peoa de limpeza**, durante **nove (9) meses**, con unha xornada do **75 por 100 (75 %)**.
- Providencia de inicio do procedemento, do 09/05/2024, ditada polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, na que se xustifica a necesidade da contratación do referido persoal.
- Informe xurídico do técnico de administración xeral (TAX) encargado da tramitación do procedemento, que leva data do 09/05/2024.
- Informe de fiscalización núm. 163/2024, do 21 de maio, da Intervención Municipal.
- Escrito da Dirección Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no que se comunica que acordou ampliar o prazo de contratación até o día **25/06/2024**.
- Documentación remitida pola Oficina de Emprego co *currículum vitae* de cada aspirante. Neste escrito a Oficina de Emprego advirte da existencia dunha persa candidata que non se pode identificar por razón de protección de datos.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O referido informe xurídico do funcionario TAX, de data 09/05/2024, nos seus apartados II e III, sinala:

### “II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.** A resolución de concesión establece como condicións para a percepción da citada achega, as seguintes:



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

“ 1ª.- A selección das persoas traballadoras realizarase na forma prevista no artigo 13 da orde de convocatoria e para a contratación empregárase exclusivamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405 cando a contratación se formalice a tempo completo ou 505 cando se formalice a tempo parcial, segundo corresponda).

2ª.- **A data límite para formalizar a/as contratación/s é o día 10 de xuño de 2024.** Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, esta dirección territorial poderá autorizar o inicio do servizo con posterioridade, previa solicitude para o efecto da entidade subvencionada.

3ª.- Para o pagamento da subvención a entidade deberá remitir ao Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social da Coruña, no prazo de **1 (un) mes** desde a formalización dos contratos, a seguinte documentación:

(...)”

**Segunda.** O artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023 (LOXE 2023), prorrogada para o actual exercicio, limita as posibilidades de incorporación de persoal temporal, nos seguintes termos:

*“Cinco. Limitaciones a la contratación temporal.*

*1. La contratación de personal laboral, así como los nombramientos de personal funcionario y estatutario habrán de realizarse con carácter fijo, indefinido o permanente, según proceda.*

*No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de personal funcionario interino excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, en los supuestos y de acuerdo con las modalidades previstas por el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en su redacción dada por Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su redacción dada por la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, así como en el resto de normativa aplicable.”*

As contratacións a levar a cabo son para a realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social competencia da entidade local (limpeza de espazos públicos).

Os contratos que se pretenden levar a cabo efectuaranse ao abeiro do disposto na Lei 3/2003, do 28 de febreiro, de emprego (LE), tal e como establecen o artigo 4 (Obxectivos da política de emprego), 7 (dimensión autonómica e local da política de emprego), e a disposición adicional novena, que indica:

**“Disposición adicional novena. Contratos vinculados a programas de activación para el empleo.**

*1. Las Administraciones públicas y, en su caso, las entidades sin ánimo de lucro podrán realizar contratos vinculados a programas de políticas activas de empleo previstos en esta ley con las personas participantes en dichos programas.*

*La duración de estos contratos no podrá exceder de doce meses y, en el caso de la contratación realizada por Administraciones públicas, los procesos de selección deberán observar los principios de igualdad, mérito y capacidad.*



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

2. *Excepcionalmente, y con efectos hasta 31 de diciembre de 2024, se podrán realizar estos contratos con el personal técnico necesario para la ejecución de los programas citados en el apartado anterior.*”

**Terceira.** Cómpre ter presente que, neste procedemento, as contratacións enmárcanse na política de emprego, coordinada e planificada polo Goberno (artigo 6), e desenvolvida polas comunidades autónomas.

No caso de Galicia e mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, do emprego e da formación.

A definición e concreción práctica das persoas destinatarias das accións de fomento corresponde, polo tanto, á Comunidade Autónoma, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, segundo a estrutura orgánica da Xunta de Galicia establecida no Decreto 49/2024, do 22 de abril (DOG 81, do 24 de abril).

A Orde de convocatoria establece no seu artigo 13 os requisitos para a contratación nos seguintes termos (o destacado en *negra é noso*):

“Artigo 13. Requisitos da contratación

As contratacións deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) En todo caso, as contratacións polas cales se conceda a subvención deberán ser para a realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social competencia das entidades locais.
- b) Con independencia da duración do contrato, o período subvencionable para cada contrato será de nove meses. **Os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución de concesión da subvención e, en todo caso, dentro do exercicio 2024.**

Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, a persoa responsable da respectiva xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade poderá autorizar a **prórroga do dito prazo** establecido na resolución de concesión, logo da solicitude, para o efecto, da entidade beneficiaria.

c) **A selección de persoas traballadoras que se contraten será realizada pola entidade local beneficiaria, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.** Tanto a oferta como o proceso de selección utilizarán unha linguaxe inclusiva, e porán especial atención á eliminación dos estereotipos e posibles condutas discriminatorias por razón de xénero.

d) **As persoas traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.** Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, as maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares.

e) **Calquera que sexa a entidade local que realice as contratacións, deberá solicitar as persoas demandantes non ocupadas necesariamente mediante a presentación da oferta específica do programa de contratación de persoas beneficiarias da Risga nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.** Excepcionalmente, mediante a autorización expresa da respectiva



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

xefatura territorial, e logo da acreditación da condición de persoa beneficiaria da Risga por parte da entidade solicitante, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal (persoas con discapacidade; persoas en risco de exclusión social; mulleres vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual).

f) Efectuada a selección das persoas traballadoras, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

g) As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas pola entidade local promotora.

h) Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura das ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, incluso cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último suposto, as persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

i) As contratacións que se realicen non poderán ter por obxecto cubrir postos de traballo vacantes na relación de postos de traballo da entidade beneficiaria.”

É, polo tanto, a Comunidade Autónoma de Galicia quen identifica a *poboación diana*, como destinataria das políticas encamiñadas á inserción laboral, en uso das competencias que ten atribuídas e quen establece as regras para a selección e ulterior contratación do persoal.

**Cuarta.** Por todo o anteriormente exposto, **infórmase favorablemente** a contratación do dito persoal, que deberá ser seleccionado conforme ao establecido no artigo 13 da Orde de convocatoria.

A atribución para ditar as resolucións que afecten a terceiros e os actos de trámite precisos correspóndelle ao concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, en virtude do disposto no Decreto da Alcaldía núm. 1529/2023, do 5 de xullo, de delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal (BOP núm. 133, do 13/0772024).

### III. CONCLUSIÓN

a) **Infórmase favorablemente a selección e ulterior contratación de dúas persoas coa categoría de peón/peoa de limpeza, durante nove meses, a xornada parcial (75 %), nos termos indicados no presente informe.**

b) **Correspóndelle ao concelleiro-delegado de Área a competencia para ditar as resolucións precisas no seo do procedemento.”**

Pola súa vez, o informe de fiscalización núm. 163/2024, do 21 de maio, da Intervención Municipal foi emitido en sentido **desfavorable**.



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Por todo o anteriormente exposto, a través do presente decreto, RESOLVO:

**1. Aprobar** a seguinte lista de persoas aspirantes **admitidas** para o posto de **peón/peoa de limpeza**:

- Baamonde Chao, María Raquel, con DNI \*\*\*9346\*\*

- Castillo Ramos, Greet Franches, con DNI \*\*\*2949\*\*

- Gregorio Corral, Jesús, con DNI \*\*\*0847\*\*

- Rodríguez Navia, Magdalena, con NIE \*\*\*\*\*3147\*

- T.U.,Y.

**2. Nomear a Comisión cualificadora das persoas aspirantes, integrada por persoal laboral fixo e funcionario da entidade local, que terá a seguinte composición:**

**Presidencia:**

**Titular: Matilde Montserrat González Rivera**  
**Suplente. María del Carmen Rego Piñeiro**

**Vogalía:**

**Titular: Celia María Freire Vega**  
**Suplente: Katia Rouco Corral**

**Secretaría:**

**Titular: Carlos Teijeiro Paz**  
**Suplente: José Sanjurjo Paz**

**3. Publicar a presente resolución no taboleiro electrónico da entidade local e na páxina web municipal.**

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román